

A prolongación de xornada: un mal que ten remedio

A condutora dun tren alonga a condución máis horas? Un caixeiro de supermercado fai máis horas das que lle corresponden? A traballadora que está na liña de produción da Seat permanece no seu lugar cando remata a súa quenda? E un piloto de avión fai outro Barcelona- Madrid ademais do que lle toca, por que si? Non, non prolongan a súa xornada.

E por que na Banca non é así? A banca ten instaladas inercias que derivan cara á prolongación de xornada. O presentismo é unha delas. Non hai país europeo que faga o que se fai aquí: para agradar non se sabe ben a quen, quedo no posto de traballo mañá, tarde e se convén, noite. E isto vai en ferverza a través da cadea de mando ata chegar á base. Pero como todo o mundo sabe, non é a única razón pola que se prolonga, hai outras razóns, hai outras causas:

- Unha gran falta de organización no banco provoca que en horario laboral sexa extraordinariamente difícil acabar coas tarefas diarias.
- Un mal entendido sentido da responsabilidade profesional.
- Un sistema informático mellorable que axilice a operativa.
- A presión para o logro dos obxectivos, que vinculada a un perverso sistema de incentivos, fai que as xornadas se estendan máis alá do horario de traballo establecido.

E sobre todo, o Banco "confía" en que os sacrificios do seu equipo cubrirán as súas carencias organizativas, informáticas e de persoal.


Con esta circular, **empezamos unha serie de comunicados nos que explicaremos a nosa visión sobre as prolongacións de xornada e as súas solucións**. Para que cada un valore os seus efectos e que pode facer ao respecto.



Falaremos dos seus efectos perversos na vida persoal, no ámbito social, xa que todas estas horas afectan ás cotizacións -en definitiva ás arcas da Seguridade Social-, e tamén contribúen a manter unhas cifras de paro terribles, tanto para quen debe soportar o sistema coma por quen o sofre ao non encontrar traballo. E mesmo na propia empresa, xa que esta situación se eternizará e non permitirá a optimización dos recursos e do tempo, dos que tanto se vangloría.

Utilizaremos unha imaxe para que poidas recoñecer os comunicados. Cremos que a situación na que estamos inmersos se parece bastante a unha liña de metro. Partimos dunha estación de orixe con varias estacións no camiño entre as que hai unha moi especial, a da reflexión e a decisión, a de **Ponte Límities**. A partir de aí, unha acción individual sensata leva consigo tanto un beneficio persoal coma un estímulo positivo para o resto de compañeiras e compañeiros, axudando a que o final de traxecto sexa a estación do **Traballo Saudable**.

A Sección Sindical de **CCOO** invítate a que nos acompañes por este camiño, avanzando por cada unha das estacións.



¡Que teñas un bo traxecto hata o final desta liña!

Decembro de 2013